

COMENTARIO DE TEXTO - Exemplo -

1º acordo dos individuos que pasan do estado de natureza á sociedade civil

2º acordo: ceder a autoridade política a un gobernante para o ben común (xuíz imparcial)

A propiedade privada é un dereito natural e as leis deben protexela

O Parlamento deberá ser consultado na aprobación de impostos

O pobo goberna por delegación

Sempre que certo número de persoas se unen en sociedade renunciando cada unha delas ó poder de executar a lei natural cedéndolla á comunidade, nese momento, e tan só entón, constitúese unha comunidade política ou civil. Ese acontecemento prodúcese sempre que certo número de persoas que vivían en estado de natureza se asocian para formar un corpo político, sometido a un goberno supremo, ou cando alguén se suma e se incorpora a calquera goberno xa constituído. Por este feito autoriza a sociedade ou, o que é o mesmo, o seu poder lexislativo, para facer as leis no seu nome, conforme conveña ao ben público ou á sociedade, e para executalas sempre que se requira a súa propia existencia. Iso é o que saca a unha persoa dun estado de natureza e a coloca dentro dunha sociedade civil.

Resulta pois evidente que a monarquía absoluta, á que certas persoas consideran como único goberno do mundo, é na realidade incompatible coa sociedade civil... Partindo do suposto de que o príncipe absoluto reúne nel mesmo o poder lexislativo e mais o poder executivo sen participación de ninguén, non existe xuíz nin maneira de apelar a ninguén capaz de decidir con xustiza e imparcialidade e con autoridade para sentenciar, ou que poida remediar ou compensar calquera dano ou inxustiza que ese príncipe causase por el mesmo ou por orde súa... Alí onde existen dúas persoas que carecen dunha lei fixa e dun xuíz común ao que apelar neste mundo para que decida nas disputas sobre dereito que xurda entre eles, esas persoas seguen vivindo en estado de natureza e baixo todos os inconvenientes do mesmo...

Sendo a elevada finalidade da humanidade ó entrar en sociedade o gozo das súas propiedades en paz e seguridade, e constituíndo as leis establecidas nesa sociedade o magno instrumento e medios para conseguila, a lei primeira e fundamental de todas as comunidades políticas é a do establecemento do poder lexislativo. Agora ben: o poder lexislativo supremo, o mesmo cando é exercido só por unha persoa que cando o é por moitas, tanto cando se exerce de maneira ininterrompida como a intervalos e aínda que sexa o poder supremo do Estado, permanece sometido ás seguintes restricións: 1º Ten que gobernar en conformidade coas leis establecidas e promulgadas en casos particulares, e terán que ser idénticas para os ricos e para os pobres. 2º Esas leis non terán outra finalidade, en ultimo caso, có ben do pobo. 3º Non se deberán percibir impostos sobre os bens do pobo sen o seu consentimento, que o dará directamente por medio dos seus representantes. 4º O poder lexislativo non debe nin pode transferir a facultade de facer leis a ningunha outra persoa, porque ten que deixala alí onde o pobo a situou.

O poder reside nos cidadáns, nega a procedencia divina

Monarquía absoluta: forma incorrecta de goberno

A concentración de poderes leva a abusos de quen os exerce

División de poderes. Aquí trata o lexislativo e marca as súas limitacións.

O gobernante debe respectar as leis e non existen privilexios

Leis para o ben común

O poder é concedido polo pobo e ninguén pode cedelo

John Locke, Dous tratados sobre o goberno civil, Londres, 1690.

O texto a comentar é un fragmento dunha obra de Locke (*Dous tratados sobre o goberno civil*) publicada en 1690. Estamos no contexto histórico da rivalidade en Inglaterra entre as pretensións absolutistas dos reis Estuardo e as reivindicacións parlamentarias de que se conte co Parlamento, sobre todo na aprobación de impostos. O caso inglés é único en Europa, onde a monarquía absoluta é o sistema político dominante. O Parlamento conseguira proclamar a República (1649), aprobar a *Habeas Corpus Act* (1679) e a *Declaración de Dereitos* (1689), ademais de escoller o rei que consideraron axeitado despois da segunda revolución, Guillermo de Oranxe (1688). Estes acontecementos son os que permiten desenvolver unha forma de pensamento que se aparta do absolutismo predominante e abre novas vías para o futuro.

Sobre a organización da sociedade, Locke fala do primeiro acordo entre os individuos que voluntariamente ceden os seus dereitos á comunidade e pasan do estado de natureza á sociedade civil. No seu razonamento a organización se completa cun segundo acordo, no que esa sociedade cede a autoridade política a un “goberno supremo” que deberá gobernar e decidir na aplicación das leis como un xuíz imparcial, sempre a favor do ben común. A resolución dos conflitos que se producen no estado de natureza leva á organización da sociedade civil. Deste xeito, o poder reside nos cidadáns que son os que o ceden, o que implica a negación da procedencia divina, base das monarquías absolutistas do momento.

A monarquía absoluta é mencionada no texto como exemplo dunha forma de goberno incorrecta. A concentración de poderes nas mans da mesma persoa leva a abusos de quen os exerce e non hai ningunha forma de apelar contra eses abusos. A xustiza chegará cando un xuíz único e imparcial decida e aplique unha lei común para todos. Locke é partidario da separación de poderes que permitirá o control mutuo e evitará os abusos. Ademais o pobo poderá decidir cambiar a quen non exerza ben a súa función, porque o poder procede dun pacto que se pode revogar, non é eterno nin indiscutible.

Entre os dereitos naturais dos individuos, Locke dá especial importancia á propiedade. A propiedade privada debe estar garantida polo goberno e os cidadáns deben disfrutala en liberdade; sendo estes dereitos prioritarios á hora da organización da sociedade civil. A propiedade crea desigualdades lexítimas porque procede do traballo e tamén é lexítima a acumulación de riqueza. Os conflitos serán resoltos polas leis.

Esas leis serán creadas polo poder lexislativo. Aquí volve a aparecer a idea da separación de poderes, entre os que destaca o lexislativo porque é o que procede directamente da soberanía do pobo. Sen embargo, esa cesión de soberanía non dá poder absoluto ó seu destinatario, como podemos ver polas restriccións que apunta. Gobernantes e gobernados deben respectar as leis, e non existen privilexios á hora de aplicalas. Todos os cidadáns son iguais e libres, a pesar de que xa mencionamos as posibles desigualdades que creará a propiedade (diferencia entre propietarios e non propietarios). Aquí vemos que desaparece algo que era normal en Europa, a distinción entre estamentos privilexiados e non privilexiados que determinaba que cada grupo fora xulgado polos seus iguais. O obxectivo final é o “ben do pobo”, isto é, a creación dun corpo lexislativo para o ben común, non en beneficio individual de quen o redacta. Un punto que no caso británico é de especial importancia é a necesidade de someter os impostos á aprobación do pobo ou dos seus representantes reunidos no Parlamento. Esa importancia no momento e no lugar que estamos ven da loita continua por que o rei non extendera o seu absolutismo a este tema e obviara moitas veces esa e outras consultas ao Parlamento, institución que en Inglaterra se reúne desde a Idade Media. O pobo goberna por delegación e a través dos seus representantes. O poder é cedido polo pobo e ninguén pode ceder esa “facultade de facer leis”; será devolta ó pobo e este decidirá a quen lle corresponde continuar esa función. Nos casos en que o gobernante decida continuar no poder ou exercer accións contrarias á vontade dos cidadáns que o nomearon, Locke xustifica o dereito á rebelión e incluso o tiranicidio.

Os outros poderes básicos para o goberno da sociedade que non se mencionan no texto son o executivo e o federativo. O poder executivo –no que Locke inclúe tamén o xudicial- reside no rei e nos seus ministros. O poder federativo é o que ten que ver coas relacións internacionais e é competencia do monarca. (*) Poderíase incluír a comparación coa separación de poderes que propón Montesquieu, pero aínda non a coñecemos.

Locke foi un pensador que se adiantou ao seu tempo favorecido polo contexto político que lle tocou vivir. Fóra da rixidez das monarquías absolutas apunta ideas como a separación de poderes, a importancia do Parlamento e a propiedade privada como dereito (futura base do capitalismo), que influirán no pensamento político posterior (Ilustración, Montesquieu, etc.).